



## LISTA DE ASISTENTES

D. Enrique Barreiro Alonso  
 D<sup>a</sup> .Carmen Cabeza Pereiro  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos  
 D. Xose Manuel Cid Fernández  
 D. Javier De Vicente Remesal  
 D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. Luís Domínguez Castro  
 D. José Durany Castrillo  
 D<sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo  
 D. Antón Fernández Álvarez  
 D<sup>a</sup>. Ángeles Filgueira Pérez  
 D. Alberto Gago Rodríguez  
 D. José Manuel García Vázquez  
 D. José M<sup>a</sup> Gil Villanueva  
 D. Jesús Hernández Sánchez  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Hilda Iglesias Galán  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Daniel Marti Pellón  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiela Iglesia  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Sergio Pajares Domínguez  
 D. Antonio Pena Giménez  
 D. Manuel Ramos Cabrer  
 D. Daniel Rey García  
 D. J. Óscar Rubiños López  
 D. Patricio A. Sánchez Bello  
 D. Angel Sánchez Bermúdez  
 D. Juan Suárez Creo  
 D. José E. Tojo Suárez  
 D. Francisco Tugores Martorell  
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo  
 D. Ezequiel M. Vázquez López  
 D. Amador Vázquez Vázquez  
 D. Augusto Viso Alonso

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de vinteseite de xaneiro de dous mil tres, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O luns, día 27 de xaneiro de 2003, ás 10:15 horas , deu comezou a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 11 de decembro de 2002.
2. Informe do Rector.
3. Convocatoria de axudas de Extensión Universitaria.
4. Aprobación, se procede, da proposta dos Premios Extraordinarios de Doutoramento.
5. Aprobación, se procede, da proposta dos Premios Extraordinarios de Fin de Carreira.
6. Asuntos de profesorado e Organización Académica: prazas para habilitación nacional e proposta sobre créditos de libre elección por labores de voluntariado.
7. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos : II Master en xestión de empresas de automoción; III Master en dirección e xestión de programas e centros xerontolóxicos socio-sanitarios;V Master en condicións de traballo e prevención de riscos laborais; III Magister en ciencia e tecnoloxía da conservación dos produtos da pesca.
8. Aprobación, se procede, dos convenios marcos de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Liste-Museo Etnográfico e o Museo Etnográfico Liste (Oseira).Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, as universidades galegas, o consorcio da Zona Franca de Vigo, Caixa Galicia, Caixanova, etc... Aprobación, se procede dos Estatutos da Fundación “Foro para a extensión da sociedade do coñecemento en Galicia (Foro SC-Galicia).
9. Aprobación, se procede, da modificación parcial do Regulamento do Departamento de Dereito Público Especial.

**10.** Elección das Comisións de Biblioteca ( 6 estudantes ), de Publicacións ( 3 estudantes e 1 PAS ) e de Cursos e Convenios ( 1 estudante).

**11.** Rogos e Preguntas.

En ausencia do Rector, que se incorporará o longo da sesión, preside o Vicerrector de Relacións Institucionais.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 11 de decembro de 2002.

Apróbase a acta por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Rector.

O Rector presentou este informe o remate da sesión, momento no que se incorporou á mesma.

O Rector informa do seguinte:

-En relación co mapa de titulacións informa que na última xuntanza cada universidade matizou as súas preferencias, para a Universidade de Vigo expuxo o que xa informou na derradeira reunión do Consello de Goberno. Respecto as catro titulacións de Enxeñería Técnica de Telecomunicación, despois de preguntar a ETS de Telecomunicación de propoñer unha orde de prioridade e ante a falta de resposta, fixo a seguinte priorización:

- 1.- Enx. Técnica en Telemática
- 2.- Enx. Técnica en Imaxe e Son.
- 3.- Enx. Técnica en Sistemas de Telecomunicación

As dúas primeiras son as que pide tamén a Universidade da Coruña e Enxeñería Técnica en Electrónica non a puxo porque xa hai en Industriais esa especialidade.

O Venres día 31, espera que haxa unha proposta concreta por parte da Consellería de Educación.

- En relación coa catástrofe do Prestige, informa sobre un convenio de cooperación das tres universiddes co BSCH e no que actúa como entidade xestora a Universidade de Santiago, e que se está a piques de asinar un convenio de cooperación coas entidades financeiras de Galicia para temas relacionados fundamentalmente co impacto económico.

- Da inauguración da exposición Venecia-Vigo o día 6 de febreiro ás 8 da tarde na Casa das Artes e á que invita a asistir a tódolos membros do Consello de Goberno.

- Da celebración do acto académico de San Tomé de Aquino o día 30 de xaneiro ás 18:30 horas.

- En relación cos traballos de adaptación o espazo europeo di que vai con retraso xa que o MECD tiña outras prioridades políticas, pero parece que na primeira semana de febreiro se enviará un documento sobre este tema a tódalas Universidades para debate.

- Da sentenza favorable a Universidade no recurso interposto por Dona M<sup>a</sup> do Carmo Henríquez Salido en relación a revisión das cualificacións outorgadas a varios alumnos na disciplina “Lingua Española I”. A sentenza non é firme.

- Da sentenza desfavorable a Universidade no recurso interposto por dous profesores da Área de Teoría do Sinal e das Comunicacions en relación a convocatoria de Cátedras de I+D, aprobada en Xunta de Goberno de 29 de outubro de 2001.

Sobre este tema o Rector informa que a proposta do programa de Cátedras de I+D figuraba na Programación Plurianual 2001-2004 aprobada polo Claustro e polo Consello Social, e que a convocatoria foi aprobada por unanimidade en Xunta de Goberno de 29 de outubro de 2001.

Posteriormente houbo unha reclamación por parte de dous profesores diante da Xunta de Goberno que se desestimou por 17 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións.

Neste momento o xuíz falla que non é conforme a dereito e anula tódalas actuacións posteriores. A sentenza non é firme polo que o tema non acaba aquí xa que a Universidade irá o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e se é necesario ó Tribunal Constitucional.

Sinala que a sentenza ten bastantes puntos polos que se pode recorrer e quere entender que este Consello de Goberno está de acordo con que este tema se debe reclamar o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia xa que está en dúbida a autonomía universitaria.

Non habendo intervencións sobre este tema di que terá puntualmente informado o Consello de Goberno sobre o mesmo .

Así mesmo reconece que este tempo vai a ser de inquietude para os que están inmersos nestas oposicións.

### **Punto 3.** Convocatoria de axudas de Extensión Universitaria.

O Vicerrector de Extensión Universitaria e Estudiantes fai a presentación da convocatoria de axudas de Extensión Universitaria, sinala que e similar a do ano anterior agás algunhas pequenas diferencias.

A continuación ábrese un turno de intervencións.

O profesor Legido propón modificar as condicións xerais ( apartado 10) para os “Cursos de Extensión Universitaria” de xeito que tanto a Dirección como a Secretaría sexan retribuídos cun máximo do 10% do orzamento de ingresos do curso, sendo o límite máximo para estes conceptos de 600 euros e 300 euros respectivamente.

O Vicerrector está de acordo coa proposta. Acéptase por asentimento.

A Sra Filgueira pide si se pode ampliar ata novembro a data de remate dos cursos.

O Vicerrector di que o que estamos a aprobar son normas xerais, pero que si excepcionalmente hai causas que xustifiquen a ampliación do período de celebración será estudiado pola Comisión.

Rematadas as intervencións, apróbase por asentimento a convocatoria de axudas de Extensión Universitaria.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, da proposta dos Premios Extraordinarios de Doutoramento

Apróbase por asentimento ( Anexo I )

**Punto 5.** Aprobación, se procede, da proposta dos Premios Extraordinarios de Fin de Carreira

O profesor Marti Pellón pregunta como se fai a proposta dos candidatos en titulacións sen proxecto, xa que en Publicidade e Relacións Públicas a proposta fíxose sen contar os 15 créditos do Proxecto polo que está incompleta.

A Secretaria Xeral informa que o Regulamento de Premios Extraordinarios de Fin de Carreira da Universidade de Vigo non esixe ter acadado o título senón que fai referencia... “as persoas que finalicen os seus estudos na Universidade de Vigo...”

Deste xeito naquelas titulacións nas que se contempla “Proxecto Fin de Carreira”, e para que non exista desfase entre os premios extraordinarios e as promocións, non se contabilizan os créditos correspondentes o Proxecto para a concesión de ditos premios, xa que o momento no que se defende o Proxecto Fin de Carreira pode variar dun xeito importante.

Apróbase por asentimento ( Anexo II ).

**Punto 6.** Asuntos de profesorado e Organización Académica: prazas para habilitación nacional e proposta sobre créditos de libre elección por labores de voluntariado.

A Vicerrectora informa da solicitude das prazas seguintes para habilitación nacional:

2 TIT-UN Área de Matemática Aplicada (595)

1 CAT-UN Área Debuxo (185)

1 CAT-UN Área Enxeñería Telemática (560)

As catro foron informadas favorablemente pola COAP.

Apróbase por asentimento.

En relación coa proposta de conceder créditos de libre elección por labores de voluntariado, informa que non hai ningunha proposta da COAP, xa que soamente se tratou en rogos e preguntas pero opina que esta proposta quizás vai en sentido contrario a propia labor do voluntariado que o seu entender e altruísta. Propón que se reflexione algo mais sobre o tema.

O Vicerrector de Extensión Universitaria e Estudiantes informa que o voluntariado esta regulado por unha lei (3/2000 do 22 de decembro) e que a concesión de créditos por esta labor sería incompatible co que di a devandita lei.

Indica que o voluntariado da Universidade de Vigo non soamente traballa en labores de limpeza relacionadas coa catástrofe do Prestige, senón que tamén fai outras labores e que en anos anteriores non tiveron ningunha recompensa deste tipo polo que non lle parece xusto.

O profesor Membiela tamén e partidario de reflexionar máis sobre o tema.

O profesor Gil di que está moi claro o que di a lei de voluntariado e está de acordo co Vicerrector de Extensión Universitaria e Alumnado.

A Sra. Filgueira di que de acordo co que di a lei non lle parece ético obter créditos por labores de voluntariado.

O Vicerrectorado de Relacións Institucionais propón deixalo para unha futura reflexión.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, dos seguintes cursos : II Master en xestión de empresas de automoción; III Master en dirección e xestión de programas e centros xerontolóxicos socio-sanitarios; V Master en condicións de traballo e prevención de riscos laborais; III Magister en ciencia e tecnoloxía da conservación dos produtos da pesca

O Vicerrector de Postgrao e Formación Contínua informa de que tódolos cursos teñen informe favorable por parte do Servicio de Contabilidade.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, dos convenios marcos de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Liste-Museo Etnográfico e o Museo Etnográfico Liste (Oseira). Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, as universidades galegas, o consorcio da Zona Franca de Vigo, Caixa Galicia, Caixanova, etc... Aprobación, se procede dos Estatutos da Fundación “Foro para a extensión da sociedade do coñecemento en Galicia (Foro SC-Galicia).

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, da modificación parcial do Regulamento do Departamento de Dereito Público Especial.

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.** Elección das Comisións de Biblioteca ( 6 estudantes ), de Publicacións ( 3 estudantes e 1 PAS ) e de Cursos e Convenios ( 1 estudante).

Non hai a proposta polo que se traerá para o próximo Consello de Goberno.

**Punto 11.**Rogos e Preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:00 horas do día 27 de xaneiro de 2003 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Rector

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe